

Documento estrutural básico do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2018-2022



XUNTA DE GALICIA

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	5
PRESENTACIÓN	6
ÓRGANO PROMOTOR	7
ENTIDADES IMPLICADAS	8
XUSTIFICACIÓN	9
METODOLOXÍA	10
ALCANCE DO PLAN	12
ORGANIZACIÓN DO PLAN	13
OBXECTIVOS	14
Obxectivos estratéxicos	14
Obxectivos operativos	14
ÁREAS	16
MEDIDAS	17
Medidas xerais	17
Asociacións (colectivos e grupos)	17
Deporte (federacións, clubs, escolas, deportistas, empresas)	17
Lecer (actividades públicas, non produtos)	18
Industrias culturais (produtos, non actividades)	18
Familia	18
Formación continua	18
Ensino	18
Comunicación e redes sociais	18
Emprego e emprendemento	18
CONCLUSIÓN	19







INTRODUCCIÓN

A xente nova constitúe un grupo fundamental para o futuro do galego, polo que resulta crucial desenvolver actuacións a prol do seu coñecemento, valoración e uso en todos os ámbitos por parte da mocidade. Para iso é necesaria a implicación de todos os sectores sociais e, principalmente, dos relacionados coas franxas de idade máis novas. Goberno galego, Administración local, medios de comunicación, partidos políticos, tecido asociativo e colectivos xuvenís deben unirse nesta tarefa para incrementar a presenza do galego en todos os contextos e, polo tanto, tamén entre os sectores de poboación nova.

A mocidade, malia contar coas competencias necesarias, amosa, como demostran estudos recentes, pouca disposición a falar en galego. Tamén a súa imaxe sobre a lingua semella, en xeral, positiva, pero iso non se traduce nun uso efectivo do idioma. Por este motivo, é necesario reorientar este proceso de desgaleguización, pois son as mozas e os mozos o futuro da sociedade galega e, polo tanto, da súa lingua.

Por estes motivos, a Secretaría Xeral de Política Lingüística decidiu poñer en marcha o Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2018-2022, co que se pretende incrementar a utilización do galego entre a xente nova. O plan busca a participación activa e o compromiso de todas as administracións e entidades públicas e organizacións sociais que interveñen no ámbito da mocidade, para que, coa implicación de todos, se cree unha dinámica de actuación encamiñada a poñer en marcha iniciativas dirixidas a aumentar o uso do galego entre mozas e mozos.



PRESENTACIÓN

Este documento constitúe un informe executivo da elaboración do próximo Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2018-2022, unha iniciativa que xorde no marco do desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) para ocuparse do apartado deste referido á mocidade, recollido como área 4 do sector 2 (Educación, familia e mocidade).

Así pois, este plan de dinamización nace coa orientación de aproveitar os esforzos xa realizados no PXNLG e de afondar na súa concreción, no seu nivel de detalle e na súa posta en práctica, o que esixe a súa adaptación ao contexto actual no que estamos inmersos.

Así mesmo, o presente documento pretende servir de avance para informar sobre a elaboración do devandito plan a entidades relacionadas coa mocidade interesadas en enriquecelo e facer as súas achegas en materia de dinamización lingüística, así como organizacións dedicadas ao estudo e ao fomento do galego.



ÓRGANO PROMOTOR

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e máis concretamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivos impulsar o desenvolvemento e a aplicación da lexislación derivada do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia.

As funcións que ten atribuídas a SXPL xustifican a posta en marcha deste plan que pretende incrementar o uso do galego entre a mocidade. Moitas das medidas que nel se propoñen enlazan directamente con estas funcións e avalan este departamento na súa intención de levalas a cabo, xa que é o órgano coas competencias en materia de lingua. Isto non significa que sexa o único ente implicado na súa aplicación, posto que todas as consellerías colaborarán para conseguir o éxito do plan, sobre todo, a de Política Social, por medio da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Trátase, pois, dun proxecto unitario da Xunta de Galicia co que todo o Goberno galego estará comprometido. Así, todas as consellerías e organismos dependentes irán implicándose progresivamente na implantación deste plan e na posta en marcha das medidas incluídas nel, así como doutras que vaian xurdindo a medida que se cree unha dinámica de colaboración entre todos estes departamentos. Esta filosofía verase claramente na inclusión dun importante número de medidas deseñadas para levar a cabo no marco de convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e outros organismos, principalmente da Xunta de Galicia, pero tamén doutras administracións, de implicación sectorial e local, dinámica que xerará a corresponsabilidade e a implicación progresiva de todos de cara a implementar este plan.



ENTIDADES IMPLICADAS

A dinamización da lingua galega no colectivo da mocidade debe ser principalmente responsabilidade das administracións públicas con competencias directas neste ámbito. Porén, neste proceso de dinamización convén buscar a implicación e a participación activa das entidades que traballan coa xuventude, as cales deben ser conscientes da súa responsabilidade no uso normalizado do galego, sen esquecer que tamén haberán de apoiar a realización de actuacións de dinamización lingüística.

Por estes motivos, o enfoque do plan segue as seguintes directrices:

- Considérase que é un **plan da Xunta de Galicia no seu conxunto**, polo que prevé a participación activa de todas as consellerías e entidades públicas.

Realizarase en **colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**, departamento autonómico que se ocupa de atender as necesidades e inquiredanzas da poboación nova residente en Galicia.

- Configurarase un **proceso de participación** coas entidades máis representativas do ámbito lingüístico e dos sectores responsables das políticas de xuventude para manter no tempo a continuidade das accións que se promovan.



XUSTIFICACIÓN

A oportunidade de promover e elaborar o documento inicial do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade nace pola necesidade de fomentar e propiciar o seu uso entre a xente nova que xa ten competencias lingüísticas en galego e que, porén, non se traducen nun uso real da lingua. Por este motivo, unha parte importante dos esforzos deste plan estará dedicada a atender o fenómeno social do neofalantismo, un tema transversal a todo o plan, ligado ás ideas de integración, tolerancia, novos valores...

A presenza de neofalantes en galego é elemento fundamental na situación sociolingüística da Galicia contemporánea, un fenómeno que está a contribuír a frear a perda de galegofalantes entre as xeracións máis novas. Por este motivo, cómpre facer esforzos para que os potenciais neofalantes se convertan en neofalantes reais, e este é un obxectivo ao que este plan quere contribuír.

Por outro lado, o plan afondará na idea de que a lingua galega é útil en calquera ámbito e para todas as funcións, intentará fomentar actitudes positivas cara á lingua propia de Galicia e poñerá en valor o compromiso da ampliación dos usos do galego na sociedade e, principalmente, entre a xuventude.



METODOLOXÍA

A elaboración do próximo Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2018-2022 realízase tendo en conta os seguintes factores principais:

- Considerar o PXNLG como o marco de referencia idóneo para encadrar o desenvolvemento do presente plan para a mocidade.
- Considerar que é un plan da Xunta de Galicia no seu conxunto, polo que prevé a participación activa de todas as consellerías e entidades públicas que teñan competencias ou leven a cabo actividades coa mocidade, nomeadamente a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
- Considerar, así mesmo, que este plan incluírá medidas conducentes á promoción do galego entre a mocidade por parte doutras administracións públicas (a local e mesmo a estatal radicada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia).
- Configurar un proceso de participación coas entidades que habitualmente desenvolven actuacións en temas de lingua coa mocidade e tamén coas entidades que poden cooperar activamente no desenvolvemento de actuacións deseñadas no plan.

Baixo este esquema, o desenvolvemento do plan segue as seguintes etapas:

1. Redacción do presente Documento estrutural básico para presentárllelo ás entidades que traballan coa mocidade para que fagan as súas achegas ao plan.
2. Recollida das achegas das entidades que colaboren no proceso de participación: órganos dependentes da Xunta de Galicia e outras entidades do seu sector público, Administración local e outros axentes que traballan coa mocidade e, mesmo, da cidadanía en xeral como potencial interesada.
3. Análise das achegas recollidas e incorporación destas ao plan.
4. Redacción consolidada do plan.
5. Revisión do plan por parte da Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a Xunta de Galicia.
6. Participación dos grupos parlamentarios.
7. Redacción definitiva do plan.
8. Aprobación do plan.

Fases e actividades \ meses	xan	feb	mar	abr	mai	xuñ	xul	ago	set	out	nov	
Elaboración do plan												
Realización dunha versión inicial do plan												
Proceso de participación (enquisa e reunións)												
Análise das achegas e incorporación ao plan												
Elaboración da versión borrador do plan												
Revisión e información do plan por RAG e CCG												
Trámites finais do plan												
Participación dos grupos parlamentarios												
Redacción da versión definitiva do plan												
Aprobación do plan												



ALCANCE DO PLAN

En canto ao sector da xuventude ao que se dirixe, a estratexia do presente plan estará enfocada a mozas e mozos cunha **idade comprendida entre os 14 e os 30 anos, ambos incluídos**, pois esta é a consideración de persoa nova recollida na Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia.


Por outra banda, o presente plan de dinamización ten un alcance temporal **ata o ano 2022**, aínda que con este proxecto se pretende crear unha dinámica participativa das entidades vinculadas con este sector da poboación que supoña unha continuación temporal das actuacións destinadas á dinamización da lingua galega entre a xuventude.

En canto aos ámbitos temáticos ou sectoriais, como xa se comentou anteriormente, considérase como marco de referencia o **Plan xeral de normalización da lingua galega**, o cal inclúe no seu sector 2 (sociedade) unha área dedicada á mocidade. Aínda que o presente plan de dinamización se centra, principalmente, nesta área do PXNLG abordaranse outras que están relacionadas de xeito significativo coa mocidade. O conxunto destas áreas son as seguintes:

- Área 4. Mocidade (sector 2. Educación, familia e mocidade)
- Área 4. Asociacións (sector 6. Sociedade)
- Área 5. Deporte (sector 6. Sociedade)
- Área 6. Lecer (sector 6. Sociedade)
- Área 3. Transmisión familiar (sector 2. Educación, familia e mocidade)
- Área 6. Industrias culturais (sector 3. Medios de comunicación e industrias culturais)
- Área 3. Formación de adultos (sector 2. Educación, familia e mocidade)

Así mesmo, o plan da mocidade enlaza cos diferentes plans de xuventude postos en marcha nos últimos anos pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, principalmente co actual (en fase de elaboración), no cal se recolle a dinamización lingüística como eixe de actuación prioritario.

Tamén conta como antecedente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 (PEG), documento elaborado pola Xunta no que se establecen as prioridades das políticas do Goberno galego en diferentes ámbitos, entre eles a lingua, que se recolle explicitamente no eixe 4 (Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno).



ORGANIZACIÓN DO PLAN

O plan de dinamización estrutúrase principalmente arredor de tres niveis: obxectivos (estratéxicos e específicos), áreas (liñas de actuación) e medidas (actuacións).

Cada área de actuación do plan terá una persoa responsable (normalmente da Secretaría Xeral de Política Lingüística), que é a encargada de xestionar o seguimento das actividades desa área. Esta persoa responsable pode constituír grupos de traballo que apoién a xestión, o desenvolvemento, a mellora e o deseño de medias da área.

O seguimento da execución do plan levarase a cabo mediante a creación dunha comisión integrada por representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, das entidades involucradas no desenvolvemento de actuacións e de entidades independentes do plan interesadas no ámbito da mocidade e da lingua.

A comisión, tomando como base as actividades xa propostas no plan para cada anualidade, aprobará o plan anual concreto de actividades que asegurará a posta en marcha das medidas e realizará o seguimento da súa execución.

Para a súa posta en marcha, o Plan de dinamización da lingua galega na mocidade irá acompañado dunha partida orzamentaria que garanta a execución das medidas que nel se propoñen.



OBXECTIVOS

O presente plan toma como base a declaración de tres metas fundamentais e estrutúrase a partir de tres obxectivos estratéxicos principais que se descompoñen en varios obxectivos operativos. Os obxectivos estratéxicos están tomados do PXNLG, pero reformuláronse para darlles un enfoque máis actual.

No que respecta ás devanditas metas, con elas procúrase, por unha banda, favorecer o **uso do galego** nas relacións interpersoais da mocidade e nos diferentes medios en que se move; por outra banda, cómpre **implicar a sectores da sociedade** para promover accións co obxectivo de recuperar o uso habitual do galego; e, por último, débese **fomentar o neofalantismo** e a implicación directa dos colectivos sociais, as asociacións xuvenís, deportivas, culturais etc., os centros educativos, as empresas e, en xeral, de todas as persoas que decidiron libremente utilizar o galego para comunicarse e desenvolver a súa vida en nesta lingua.

Obxectivos estratéxicos

- **Potenciar o uso** do galego como lingua de relación na mocidade galega.
- Garantir que en galego haxa unha **oferta ampla, diversificada, competitiva e atraente de produtos de cultura e lecer**.
- **Fomentar todo tipo de creatividade, experimentación e innovación de base** en galego, como forma lúdica de galeguización e de creación de mercado cultural.

Obxectivos operativos

Obxectivos para potenciar o uso do galego:

- **Estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables** que se traduzan nun uso xeneralizado do galego.
- **Reforzar o uso** do galego entre os **galegofalantes** e proporcionarlles modelos lingüísticos galegofonos de referencia aos rapaces e rapazas de orixe castelanófono.
- **Ampliar a imaxe** estética do galego e vinculala a unha sociedade cada vez máis **urbana e cosmopolita**.

- Concienciar as familias da transcendencia de **transmitirlles o galego aos seus descendentes**, do valor patrimonial e identitario da lingua e das vantaxes pedagóxicas, culturais e sociais do seu coñecemento e uso.
- Desenvolver un programa de **voluntariado lingüístico** promovendo a participación da mocidade na promoción da lingua galega.

Obxectivos para garantir unha oferta de actividades e produtos de cultura e lecer en galego:

- Conseguir unha **oferta ampla, diversificada e atractiva de produtos culturais e de lecer** en galego, prestando especial atención aos de maior aceptación entre a infancia e a mocidade.
- **Concienciar** as asociacións e os diferentes colectivos **da pertinencia e a necesidade de usar** o galego nas súas iniciativas (lúdicas, culturais, formativas, informativas etc.).
- Lograr que as asociacións e os colectivos sociais **continúen a ser axentes de promoción** da lingua e apoiar os que xa o fan.
- Lograr que o galego sexa a **lingua de comunicación co público** nos estadios, eventos e espectáculos deportivos e actividades de lecer, especialmente nos de seguimento masivo.
- Promover que as **empresas** que traballan coa mocidade desenvolvan as súas actividades e produtos en lingua galega.

Obxectivos para promover a creatividade de base en galego:

- Incentivar a **producción cultural e de lecer en galego**.
- Promover a **creatividade e a innovación** coas actividades e os produtos culturais e de lecer, especialmente co **emprego das TIC**.
- **Motivar e estimular** a participación da mocidade en retos e actividades creativas que empreguen a lingua galega.
- **Recoñecer**, premiar e difundir actividades e produtos creativos desenvoltos en galego.
- Promover foros e outro tipo de **ámbitos de relación** para desenvolver e compartir actividades creativas en lingua galega.



ÁREAS

A clasificación das medidas en diferentes áreas ten como obxectivo agrupalas para axudar na súa aplicación e na implicación dos diferentes sectores relacionados coa mocidade. Esta división axuda tamén na tarefa de organización, seguimento e control do plan, pois facilita a creación de grupos de traballo por áreas, por exemplo, ou unha coordinación máis doada cos actores implicados na súa execución.

As áreas seleccionadas para o presente plan responden a unha análise dos principais ámbitos nos que se move a mocidade, nos que mostra maior interese ou que máis lle afectan ao longo desta etapa da súa vida. Os diferentes plans de xuventude postos en marcha polo DXXPV axudaron nesta escolla, pero non só, xa que tamén se acudiu a outras fontes, como o propio PXNLG, para determinar cales podían ser as áreas de maior interese para introducir medidas de fomento do uso da lingua galega entre a xente nova, de cara a conseguir que estas teñan o maior impacto posible e que axuden á consecución dos obxectivos que se pretenden no presente plan.

Así, ademais do grupo de **medidas xerais** dirixidas ao conxunto da mocidade, as áreas temáticas nas que se van agrupar as diferentes actuacións do plan son as seguintes:

- Asociacións (colectivos e grupos)
- Deporte (federacións, clubs, escolas, deportistas, empresas, adestradoras/es)
- Lecer (actividades públicas, concertos, espectáculos, festas... non “produtos” de lecer)
- Industrias culturais (produtos, vídeos, libros, música... non actividades públicas)
- Familia
- Formación continua
- Ensino
- Comunicación dixital e redes sociais
- Emprego e emprendemento



MEDIDAS

As medidas previstas no plan agrúpanse por áreas de actuación escollidas principalmente desde o punto de vista da operatividade na súa posta en marcha, pois esta división facilitará a organización, o desenvolvemento e a avaliación de cada unha delas. Adicionalmente, o plan inclúe un grupo de medidas denominadas xerais que están pensadas para poder aplicarse a calquera área, mesmo outras non mencionadas explicitamente no plan.

As medidas recollidas no plan son realistas, acordes co actual contexto económico e pensadas para unha execución progresiva ao longo de todo o período e o alcance previsto.

A continuación, a modo de exemplo inicial, propóñense algunhas medidas en cada un dos apartados mencionados:

Medidas xerais

- **Elaborar e difundir información** sobre a lingua galega na mocidade: situación actual, evolución, previsións futuras, tópicos etc.
- Desenvolver un programa estable de **voluntariado lingüístico** e promover a súa difusión e dinamización.
- Aumentar a **coordinación cos órganos e as entidades da Xunta** de Galicia para mellorar a eficacia das actividades da Administración.

Asociacións (colectivos e grupos)

- **Implicar a asociacións e colectivos** dos diferentes sectores sociais para **acadar compromisos** e desenvolver accións que impulsen o uso e a normalización do galego.
- Apoiar e recoñecer a asociacións e colectivos **que xa están desenvolvendo actividades** en galego para que melloren e estendan a súas prácticas.

Deporte (federacións, clubs, escolas, deportistas, empresas)

- **Fomentar** (coas federacións e clubs) a utilización do galego nas **actividades deportivas** de afeccionados e profesionais (monitores e adestradores...).
- Establecer un **acordo conxunto cos clubs** co obxectivo de incorporar a lingua galega ás súas comunicacións e que respecten a toponimia galega, de xeito que poidan ser exemplo no mundo deportivo.

Lecer (actividades públicas, non produtos)

- **Fomentar a presenza e o uso** do galego nos espazos e **ámbitos sociais de máis impacto** para a mocidade (centros comerciais, tendas de roupa, bares, pubs, discotecas...). Establecer acordos coas entidades e colectivos implicados (contactar, proporcionar información, solicitar actuacións).
- **Establecer acordos cos intermediarios artísticos** (axentes musicais etc.) de espectáculos para garantir a presenza do galego nas actividades públicas que desenvolven.

Industrias culturais (produtos, non actividades)

- Establecer os acordos precisos para dispoñer dunha **oferta abonda e competitiva de produtos culturais e audiovisuais** en galego traducidos (cine, series, vídeo, xogos, banda deseñada, libros, música, programas, apps etc.). Prestar atención aos produtos de grande éxito internacional.
- Establecer **acordos coas canles de televisión e de radio** locais para incrementar o uso do galego nos **programas** destinados á mocidade.

Familia

- Realizar unha campaña para que as familias lles **transmitan o galego aos fillos/as** e que a lingua galega se **use nas interaccións familiares**.
- Ofrecer **consellos e argumentos** sobre a necesidade de aprenderlles galego aos fillos/as nos materiais informativos que se lles dan **ás familias que acaban de ter un fillo/a**.

Formación continua

- Promover e desenvolver **recursos, materiais e accións de formación** lingüística e sociolingüística, especialmente para persoal (monitores, formadores, adestradores etc.) que desenvolva actividades destinadas á mocidade.
- Fomentar a **investigación** sobre a mocidade e a lingua.

Ensino

- Realizar unha **programación estable e periódica de actividades de información e sensibilización** sobre o uso do galego para os diferentes membros da comunidade educativa. Establecer acordos e convenios necesarios cando sexan precisos (ANPA, asociacións, sindicatos etc.).
- Fomentar e potenciar o **uso da lingua galega no contorno escolar** e promover espazos de lecer en galego. Incluír accións específicas e urxentes para os **contextos castelanófonos**.

Comunicación e redes sociais

- Potenciar as **redes sociais como canle prioritaria de divulgación** das campañas da Administración destinadas á mocidade.
- Apoiar, recoñecer, premiar e difundir os **proxectos dixitais que publican integramente en galego**.

Emprego e emprendemento

- Facer **confluír o eido educativo coa área socioeconómica** nos temas lingüísticos, para orientar a mocidade en relación co uso das linguas nas relacións laborais.
- Potenciar a normalización do galego nas **entidades e os servizos relacionadas co emprego e o emprendemento**, especialmente nos de máis contacto coa mocidade.
- Aproveitar as **potencialidades do galego para acceder ao mundo lusófono**, o que pode xerar oportunidades para a mocidade á hora de emprender e crear emprego.



CONCLUSIÓNS

Este plan está concibido para converterse nun instrumento para a dinamización da lingua galega no colectivo da mocidade, para o que tomará como marco principal o establecido na área 4 do sector 2 (Educación, familia e mocidade) do PXNLG.

Para garantir o seu éxito, preténdese que sexa un plan participativo, práctico e realista, no que se implique a mocidade galega e entidades de Galicia que traballan con este colectivo da poboación.

O que se pretende co plan de dinamización para a mocidade é mostrarlle á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos nesta lingua. Así, as actuacións están previstas para desenvolverse en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego.

Así mesmo, este é un plan no que, ademais da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, deben implicarse diferentes consellerías da Xunta de Galicia e, por adhesión, as demais Administracións públicas, así como toda a sociedade. Un traballo conxunto entre todos redundará nun maior impulso e nun maior éxito na aplicación das medidas que se deseñen.

Como consecuencia da planificación realizada, agárdanse obter, en primeiro lugar, os resultados esperados da execución das actuacións previstas e, en segundo lugar, uns indicadores cada vez máis positivos sobre o uso da lingua galega entre a mocidade. Porén, o resultado máis ambicioso é avanzar no establecemento dunha dinámica sostible de actuacións e responsabilidades a prol dun incremento do uso do galego por parte da xente nova.



XUNTA
DE GALICIA